

# Unha Bauhaus sobre cabazo antigo

Sobre *Crónica do chan* (Corsárias Editora, 2014) de Alberto Lema

Ana Salgado

Debeu ser polo ano 2007 cando lin, sen que o seu autor soubese, unha novela que daquela se titulaba *Putas asasinas*. Como xa se lle adiantara Roberto Bolaño, a novela chamouse finalmente *Unha puta percorre Europa*. Visto desde hoxe, se cadra resulta excesivo o tempo que, logo diso, dedicamos a ler a Bolaño, por moito que nos gusten os seus detectives. Se cadra só resulta excesivo o creto que dá a morte e o que lle remexen nos papeis á xente.

Desde daquela tiven ocasión de coñecer o autor, que se me presentou de maneira non frecuente, cun correo electrónico no que dicía cousas que lle poderíamos escoitar hoxe, ou que se cadra cabían como verso do libro que hoxe presentamos, da caste de «ultimamente o normal non está comigo». O seguinte que lin xa deberon ser uns poemas que están agora en *Crónica do chan*, daquela publicados na *Revista das Letras* que coordinaba Antón Lopo. O que supón un libro con moitas voltas, máis ben unha antoloxía do traballo de anos. Se lle facemos caso ao autor, de cerca de vinte, o que situaría algún destes textos como anteriores, por caso, a outro libro que traza tamén unha historia familiar: *A ponte das poldras* de Chus Pato, co que cadra en máis dun verso.

Isto todo era unha intro para contarvos que a pesar da amizade compartida, é a primeira vez que vou poñer esforzo en non falar da escrita de Lema coa prevención de procurar distanciamento. Xa fomos avisadas polo autor de que á presentación dun libro vense para gabar as súas innúmeras capacidades. Así que aí vou.

Interésame enormemente *Crónica do chan*. Ademais diso, gústame. En realidade no que vou dicir tratarei de explicar que *Crónica do chan* é un libro que fala de min, así que todo o que me gusta, faino por enriba do autoodio. Tamén tratarei de defender que *Crónica do chan* é un libro sobre todas, sobre nosoutras. A paráfrase do poema que abre *Con pólvora e magnolias* é difícil de esquivar. Así *Crónica do chan* é vento duro que estremece o corazón da Europa campesiña que todas temos dentro sen dicilo. Nese sentido paréceme especialmente pertinente a afirmación do extraordinario prólogo que escribiu Xabier Cordal, en que se di que podemos ler o libro como testemuño case documental. Quedo coa gana de preguntarlle por ese «case».

*Crónica do chan* é un libro escrito en ton alto. Diría Bertol Brecht, que ecoa en moitas das súas páxinas, como nos avisa Cordal no prólogo, «[...] na nobre linguaxe / antes reservada / á glorificación dos reis». Se acaso baixa algúns chanzos en relación con *Plan de Fuga*, o primeiro libro publicado de Lema, do 2007, e o primeiro tamén da editora Estaleiro. Aquí quería saber algo sobre enunciación poética para dalo explicado mellor. Non é que deixe de haber épica, nin arenga, nin eses poemas fiados con tempos en futuro. É máis ben un descenso, unha corporalidade que atravesa este libro de maneira máis ineludible.

Un exemplo:

De *Plan de fuga*

«A Crónica de When-Tzu»

I

Eu nacín na illa dos primeiros atlantes,  
dos que vivían a carón do chan,  
e coñecían dos seus ollos a verdade,  
moito antes da invención das chaves.

De *Crónica do chan*, do poema que se titula igual

[...]

Porque verán señores,  
eu veño de abaixo, de ben abaixo  
da mesma fronteira entre a clase baixa  
e o puto chan, poden comprendelo?  
Comprender un lugar entre os pés no esterco  
e as felices series de televisión  
de familias americanas de clase media.

[...]

Aquí vai outro apuntamento persoal que alude ao agrado de ver o traballo lingüístico, ideolóxico, de distanciamento presente en que Alberto Lema persoa me corrixa cando digo «clase baixa» defendendo a pertinencia de «clase traballadora» e Alberto Lema escritor (iso do eu lírico está moi feo e ademais aquí lírica hai a xusta) escolla para o poema, fóra da moral do escravo, usar «clase baixa».

Cando dicía que *Crónica do chan* fala de nosoutras referíame non só a que fala con moitas voces, desde moitos lugares. Tamén a que atravesa unha historia que é a do XX, ese século curto, como o nomeou Eric Hobsbawm, que iría desde o comezo da guerra do 14 ata a o 1991 da fin da Unión Soviética. Non atopamos referencia explícita a este autor, pero pensamos nel como unha das lecturas subxacentes. O mesmo poema que citei antes, o que se chama coma o libro, principia cunha cita de Rimbaud que é un aviso antiidealista e di, en francés, «teño os ollos pechados á vosa luz». Lemos no seu comezo:

Non máis pasados remotos e felices  
o meu mundo levantouse  
sobre unha hecatombe de bois  
e pedras de muíño.

[..]

Leríavos moito máis del, é un poema longo que atravesa a historia familiar dun dos tantos netos da última xeración de labregos que somos nós. Di máis adiante:

[...]

As miñas mans non saben facer cestos,  
nin rozalo toxo, nin coutar palleiros,  
Podes entender, avó,  
que clase de bárbaro é o teu neto?

[...]

ou tamén:

[...]

Eu son neto  
de Jesús Suárez Regueira  
que loitou contra o seu bando  
na guerra civil, e gañou.

[...]

E non hai nostalxia, «non máis pasados remotos e felices», non hai arcadia campesiña á que regresar, nin se quere. Hai páxinas tan luminosas, tan develadoras, que a sensación é de estar asistindo á visión do impacto da modernidade capitalista sobre a nosa civilización rural e do entullo resultante nunha soa infografía. Daniel Salgado explica marabillosamente todo isto nun texto que escribiu sobre *Crónica do chan*, titulado «Materialismo en carne viva». Esperemos que o publique axiña.

Chus Pato falou disto n'*A ponte das poldras*, que antes citaba:

[...]

igual que todas as mulleres que me precederon e que encetaron o seu canto nas vendimas ou nas segas, nas luminiscentes e cegadoras senras –como cobra saltarica, como cobra– eu, a primeira entre todas elas que non sei cavar, nin segar, nin vendimar, quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística: ESCRITA

Non me dou afeito a que un golpe como a aceleración do tempo histórico en que nos cadra vivir non teña como resultado unha ollada que o enfrente desde unha posición materialista, a que non poidamos ler ensaio sobre isto. Temos libros de historia agraria, temos estudos sobre a emigración e mesmo sobre o retorno, tamén algunha visión sobre o cambio social desde a antropoloxía ou desde a socioloxía. Nada significativo, que eu coñeza, que explique desde o pensamento revolucionario en que se sitúan por caso Spivak, Badiou ou Benjamin, que o pasado é limiar porque está por vir. Que explique a depresión das nosas nais, a súa incapacidade –que moitas veces lemos como simple conservadorismo– a axeitarse a *habitus* burgueses, as nosas contradicións diarias.

«A tradición de todas as xeracións mortas gravita coma un pesadelo sobre o cerebro dos vivos», avisaba Marx n'*O 18 de Brumario de Luís Bonaparte*. Walter Benjamin nas *Teses sobre o concepto de historia*, avisaba tamén: «O perigo ameaza tanto o acervo da tradición como os seus receptores. Para ambos os dous, o perigo é un e o mesmo: converterse en instrumento da clase dominante».

A vía do sentimentalismo nostálxico é seguramente un dos principais perigos na lectura do pasado que fixemos en Galicia. Os exemplos son abondosos, collo un. Bieito Iglesias, un dos escritores máis atentos, por idade, dignidade e goberno, á evolución da nosa sociedade, recoñecido militante antifranquista e autor de libros que seguramente moitas das que estamos aquí defenderíamos, afirmaba no seu artigo de onte en *El Correo Gallego*, e sei que o cito sen contexto pero non creo estar terxiversando: «O pasado é sempre un país estranxeiro [lembrando o escritor británico do XX Leslie Poles Hartley], no entanto a nosa viña sendo unha terra amable malia que [e segue aquí *A derrota de Galicia*, de Antón Baamonde] «na mente de boa parte das clases medias tan recentes e inseguras da súa nova identidade social, a representación da orixe confúndese coa imaxe do inferno»».

*Crónica do chan* escribiuse para dicir que a nosa non viña sendo nin é unha terra amable, que os mecanismos de poder que estreitan as nosas vidas foron evolucionando pero nunca deixaron de estreitalas. Así a contundencia coa que se reflicte o traballo de hoxe en día, a súa rutina, a súa importancia decisiva na nosa desorientación. Así tamén como as circunstancias materiais se mesturan cos afectos e impiden neste libro a súa estilización. Así as cidades, relumbrantes e zugadoras, a contradición para dicirnos se cadra que non hai lugar seguro. Porque neste poemario non se lles cede a subxectividade aos escritores que forman nas fileiras da reacción. Está atravesado por poemas que camiñan polo amor desde a fraternidade ata o desexo, e que non eluden a contemporaneidade. Citarei, non podo deixar de facelo, ese poema titulado «Miss Deckard» para afirmar que *Crónica do chan* mira de fronte a historia. Tamén ao acoller referentes desa posmodernidade culturalmente hexemónica no tempo e espazo en que Lema e mais eu fomos á universidade, neste caso de *Blade Runner*, a película de Ridley Scott. Ese tempo en que nos intentaron meter na cabeza que iamos camiño de convertermos en individuos normais, ollado desde hoxe, cando sabemos, se cadra máis ca en ningún outro momento, que o normal non está connosco.